

PLAN DIXITAL

[Ceip Plurilingüe Palas de Rei]

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introducción

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

CEIP PLURILINGÜE PALAS DE REI	
Tipo de centro	Público
Denominación oficial	Ceip Plurilingüe Palas de Rei
Código do Centro	27014070
Enderezo	PRAZA DA ULLOA S/N
Código postal	27200
Teléfono	982870627 / 982870628
Fax	982870629
Correo electrónico	ceip.palas.rei@edu.xunta.gal
Páxina web	https://www.edu.xunta.gal/centros/ceippalasrei/
Etapas educativas	Educación infantil e educación primaria

O centro conta cun total 149 alumnas e alumnos e 18 mestres e mestras con destino definitivo no centro, agás o director que está en comisión de servizos.

Tres destas mestra son itinerantes:

- Orientación: compartido con Antas
- Relixión compartida con Antas
- A.L compartida con Portomarín, co centro base en Palas de Rei

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O CEIP de Palas de Rei atópase situado na Praza da Ulloa, nunha zona educativa onde están tamén a casa da Cultura, a gardería e o IES

É o único CEIP do concello de Palas de Rei polo que acolle a todo o alumnado de infantil e primaria das 43 parroquias que o configuran. Palas de Rei é un concello de tradición agrícola e gandeira. O sector agropecuario constitúe a base da súa economía, ocupando á maioría da poboación activa.

O centro responde a un entorno socio-económico e cultural medio, no que predominan os proxenitores con estudos primarios e procedentes do medio rural. O alumnado, igual que a maior parte da poboación viven no medio rural, polo que a lingua maioritaria e más empregada é a galega.

O Plan Dixital integrarase no Proxecto Educativo e na Programación Xeral Anual do vindeiro curso. Contribuirá marcando obxectivos específicos, de cara á consecución dunha mellora dixital do centro, empezando por un impulso na competencia vincellada ás tecnoloxías, tanto por parte do profesorado como por parte do alumnado. Asemade, tratarase que o PD aporte un enfoque sobre o aproveitamento máximo das posibilidades dos recursos dixitais dispoñibles no centro.

Dende o curso 2019/2020 o centro vén de participar en distintas liñas de traballo dentro do PFPP encamiñadas á análise da competencia dixital, actualización de ferramentas tecnolóxicas para docentes, recursos dixitais para a aula virtual, radio escolar e robótica. A tendencia do claustro é de seguir formándose neste senso para mellorar o seu coñecemento e competencia dixital.

No vindeiro curso 2022/2023 co centro participará no proxecto E-Dixgal en 5º de educación primaria, estendéndose a 6º de educación primaria no curso 2023/24.

1.3. Breve xustificación do mesmo

Contextualización normativa en relación co Plan Dixital do noso centro:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022
 - Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021-2022
 - Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022
 - Resolución de 7 de setembro de 2021, de la Secretaría General de Educación y Formación Profesional, por la que se seleccionan, con carácter experimental, los centros docentes públicos que constituirán la Red Gallega de Educación Digital, para el curso 2021-2022.

1.4. Proceso de elaboración

Para a elaboración do Plan Dixital de Centro creouse un grupo de traballo que se foi reunindo periodicamente para a realización e posta e comúن dos distintos apartados do plan: enquisas, SELFIE, informe DAFO, plan de acción...

Todo isto, baixo a orientación e pautas marcadas pola mentora Adix da zona.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

-Infraestrutura de conectividade:

O centro ten conexión por rede wifi (ver detalles na solicitudes E-dixgal) en todas as aulas e na biblioteca escolar, mentres que o emprego de rede por cable emprégase no despacho do equipo directivo, na sala de mestres e na sala de traballo común.

No despacho do equipo directivo hai dúas liñas de telefonía e un fax.

A biblioteca do centro conta tamén cunha liña independente de telefonía.

-Infraestrutura de equipamento dixital:

O equipamento do equipo directivo, e da aula de traballo común (ordenador e tabletas) foron mercados polo centro. O resto de equipamento é bastante obsoleto, tendo o 50% aproximadamente máis de dez anos.

- *Despacho do equipo directivo*: conta con tres ordenadores de sobremesa e unha fotocopiadora multifunción a cor.
- *Sala de profesorado*: dous ordenadores de sobremesa e unha fotocopiadora multifunción b/n

Aula de traballo común: un ordenador de sobremesa e 15 tabletas das que se fai uso nas distintas aulas. Tamén está a disposición do alumnado neste espazo os 7 ordenadores portátiles enviados pola Consellería de Educación para a fenda dixital.

• *Despachos de orientación, pedagogía terapéutica e audición e linguaxe*: cada despacho conta cun ordenador propio e unha impresora, así como unha tableta de uso común.

- *Despacho de educación física e relixión*: un ordenador portátil
- *Aulas de educación primaria, aula lingua extranxeira e aula de desdobre*: cada unha das 8 aulas contan con tres ordenadores, un deles conectado ao EDI (dous deles con proxector integrado, contando con proxector externo os demais) Os outros dous ordenadores son para traballo e consulta do alumnado.

- *Aulas de educación infantil*: cada unha das 3 aulas ten un ordenador conectado á EDI con proxector externo.

- *Aula de música*: un ordenador conectado a proxector externo.

Biblioteca: dous ordenadores (un de xestión e outro para uso da radio escolar), unha impresora.

•

-Servizos dixitais educativos:

- A páxina web do centro actualízase a miúdo con información relevante para as familias ou comunidade educativa, así como con aquelas actividades más relevantes que se levan a cabo durante o curso escolar.
 - A aula virtual conta cun entorno para cada titoría e especialista, organizada por cursos, onde está matriculado a totalidade de profesorado e de alumnado do centro.
 - Abalarmóbil é unha das principais vías de comunicación entre o centro e as familias, das que un 95% aproximadamente conta con este servizo.
- Xestión do mantemento do equipamento do centro. Os membros do equipo TIC encárganse de resolver pequenas dúbihadas e arranxos a nivel de usuario. Para unha mellor atención e poder dar resposta, o máis inmediata posible, ás pequenas avarías dos equipos, o centro ten contratado o servizo a unha empresa externa que quincenalmente acude ao centro para reparacións e mantemento. Asemade, contáctase coa UAC para a reparación de maior relevancia.
- No curso 2019/2020 elaborouse un [plan de continxencia](#) onde se prevé o uso das TIC ante a posible necesidade de ensino a distancia.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Informe SELFIE. Os resultados son os que figuran na seguinte táboa, inclúese a media das respostas por cada grupo (equipo directivo, profesorado e alumnado) para cada unha das oito áreas:

Áreas	Grupos	Ensinanzas
		Infantil/Primaria
A -Liderado	Equipo Direct.	3,4
	Profesorado	4,1
	Alumnado	-
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	2,9
	Profesorado	3,2
	Alumnado	3,2
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	4,1
	Profesorado	3,8
	Alumnado	4,1
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	4,8
	Profesorado	4
	Alumnado	-
E- Pedagoxía: Apoyo e Recursos	Equipo Direct.	3
	Profesorado	4
	Alumnado	-
F- Pedagoxía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3
	Profesorado	3,6
	Alumnado	3,6
G- Prácticas de avaliação	Equipo Direct.	2,7

H- Competencias dixitais do alumnado	Profesorado	3
	Alumnado	-
	Equipo Direct.	3,5
	Profesorado	3,8
	Alumnado	4,1

Test CDD (Competencia Dixital Docente) .

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	<u>14</u>	<u>16</u>	<u>87,5%</u>
PROVISIONAL	<u>1</u>	<u>1</u>	<u>100%</u>
INTERINO	<u>1</u>	<u>1</u>	<u>100%</u>
SUBSTITUTO	<u>2</u>	<u>2</u>	<u>100%</u>
DESPRAZADO	<u>0</u>		

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
Centro	<u>Integrador/a (B1)</u>	<u>76,4</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
Inf.	<u>72,4</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>	<u>68,2</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>
Prim.	<u>64,4</u>	<u>Explorador/a (A2)</u>	<u>77</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1		
A2	<u>11</u>	<u>61,1%</u>
B1	<u>4</u>	<u>22,2%</u>
B2	<u>2</u>	<u>11,1%</u>
C1	<u>1</u>	<u>5,6%</u>
C2		
TOTAL	<u>18</u>	<u>100%</u>

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	C2/C8 Dispoñemos de dispositivos dixitais para o proceso de ensino aprendizaxe (mercadados polo centro)	
	PERSOAL DOCENTE		B. Escaso traballo cooperativo en redes por parte do profesorado C. Insuficiente formación do profesorado en competencia dixital. E3. Creación escasa de recursos dixitais. E3. Uso insuficiente da aula virtual do centro
	PERSOAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO		H7. O alumnado non aprende a crear contidos dixitais nin a comunicarse usando as tecnoloxías F. Pouca utilización de ferramentas de gamificación na aula G1. Non se utilizan tecnoloxías dixitais para avaliar as habilidades do alumnado.
	FAMILIAS	E4 Boa comunicación coa comunidade educativa (Abalar móvil, páxina web, redes sociais...)	
	OFERTA		
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	F. Impártense en 4º e 6º de educación primaria como materias de libre configuración robótica e expresión na radio. A3. Empregamos novas modalidades de ensinanza	A1. Estratexia dixital desactualizada

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	F3. Solicitud de diferentes plans e proxectos: biblioteca creativa, radio na biblio, EDixgal... D. Participación en diferentes liñas do PFPP	C1. Non están actualizadas as redes (conexión) C. Lentitude por parte da administración respecto da atención de averías e dotación/renovación de equipamento tecnolóxico
	LEXISLACIÓN		

CONTORNA		
ANPA		
OUTRAS ENTIDADES		

3. Plan de Acción

Con independencia das necesidades ou propostas de mellora suxeridas, en cada curso escolar o Plan de Acción deberá ter en conta os recursos materiais e humanos no momento de actualización do Plan Dixital.

Incidirase en obxectivos que supoñan unha mellora relativa do uso que se fai dos recursos dispoñibles, tendo en conta que o catálogo dos mesmos está en constante evolución.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

A partir da análise DAFO establecense unha serie de áreas prioritarias para o centro en función das debilidades e ameazas detectadas. Por tanto, os obxectivos que queremos acadar contribuirán a mellorar a capacidade dixital durante o vindeiro curso académico. Estas áreas prioritarias de mellora están en relación coas do marco DigCompOrg, e que para o noso centro serán as relativas, principalmente, a:

- Competencia dixital de persoal e alumnado.
- Colaboración e traballo en rede.
- Infraestrutura dixital.

Nas seguintes táboas recóllense os obxectivos, indicadores e os seus valores de partida e chegada, así como as accións encamiñadas á súa consecución, marcando responsables, temporalización e determinando os recursos necesarios.

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

Área/s de mellora: H. COMPETENCIA DIXITAL DO ALUMNADO					
OBXECTIVO 1:	Favorecer a creación de contidos dixitais e a comunicación usando tecnoloxías por parte do alumnado de 5ºe6º EP			Acadado	
Responsable:	Equipo docente			Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Porcentaxe de alumnado que crea contidos dixitais e que se comunica empregando tecnoloxías				
Valor de partida:	O 0% do alumnado crea contidos dixitais e comunícase empregando tecnoloxías				
Valor previsto e data:	O 50% do alumnado crea contidos dixitais e comunícase empregando tecnoloxías	22/06/23			
ACCIONES A DESENVOLVER					
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN	
AO1.1: Formación do alumnado na creación de contidos dixitais e comunicación.	Tutores de 5º e 6º EP	22/12/22	Equipamento.		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO1.2: Creación de contidos e establecemento de comunicación a través de canles tecnolóxicas	Tutores de 5º e 6º EP	22/06/23	Equipamento.		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO1.3:					Realizada
					Aprazada
					Pendente

Área/s de mellora: F. PEDAGOXÍA: IMPLEMENTACIÓN NA AULA

OBXECTIVO 2:	Solicitar plans enmarcados no PLAMBE: liñas de radio e biblioteca creativa	Acadado	
Responsable:	Coordinador equipo biblioteca	Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Solicitud realizada Non/si		
Valor de partida:	Non se solicitaron as liñas		
Valor previsto e data:	Si se solicitaron as liñas	22/06/23	

ACCIÓNES A DESENVOLVER

DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO
AO1.1: Realizar a solicitude contando coa aprobación do Consello Escolar	Dirección	22/12/2022	Convocatoria		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO1.2: Incorporar ao proceso de ensino aprendizaxe os recursos proporcionados por estas dúas liñas	Equipo docente	22/06/23	Estudio de radio, robots		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO1.3:					Realizada
					Aprazada
					Pendente

Área/s de mellora: E. PEDAGOXÍA: APOIOS E RECURSOS

OBXECTIVO 3:	Fomentar o uso da aula virtual do centro	Acadado
Responsable:	Coordinadora do Plan Dixital	Non acadado
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Porcentaxe de profesorado que emprega a aula virtual do centro	
Valor de partida:	O 10% do profesorado emprega a aula virtual do centro	
Valor previsto e data:	O 50% do profesorado emprega a aula virtual do centro	22/06/2023

ACCIÓNS A DESENVOLVER

DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTAD
AO1.1: Motivación do profesorado da importancia da AV como complemento e recurso para o proceso de ensinanza-aprendizaxe	Equipo directivo	22/12/22	Reunións Aula virtual		Realizada
AO1.2: Crear curso dentro da AV con recursos para o profesorado	Coordinadora Plan Dixital	31/03/23	Aula virtual Vídeos Titoriais		Realizada
AO1.3: Emprego da AV por parte do profesorado	Equipo docente	22/12/23	Aula virtual		Realizada

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

As necesidades de mellora de infraestruturas tecnolóxicas e equipamento para o centro son as que seguen:

O equipamento do equipo directivo, e da aula de traballo común (ordenador e tabletas) foron mercados polo centro. O resto de equipamento é bastante obsoleto, tendo o 50% aproximadamente máis de dez anos.

-Aula de música: EDI, xa que carece do mesma.

-Biblioteca escolar:

EDI, pois as proxeccións estanse facendo dende o proxector a unha lona branca e iso limita a interactividade e participación do alumnado.

Renovación do equipo de xestión, o que hai é moi antigo e da problemas de conexión e lentitude.

Ordenadores de consulta para o alumnado, posto que a día de hoxe o devandito espazo carece destes medios.

-Aulas: renovación dos equipos más antigos para poder mellorar a rapidez de carga e o uso de determinadas aplicacións (nas aulas de primaria en nos despachos do departamento de orientación)

-Aulas infantil: dotar as 3 aulas de EDI con proxector integrado para evitar sombras no seu uso, e para mellorar o rendemento dos actuais posto que dan continuamente fallos no calibrado.

-Faise necesario tamén plataformas corporativas para a realización de tarefas de publicación de vídeos ou documentos e unha nube onde poder subir e compartir arquivos.

4. Avaliación do plan

O procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos, realizarase dende dous contextos:

- No contexto da **avaliación procesual** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao trimestre. Os aspectos a valorar incluirán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.

- No contexto da **avaliación final** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao ano. Os aspectos a considerar incluirán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

5. Difusión do plan

O Plan Dixital será presentado ao Claustro e ao Consello Escolar, para a súa aprobación, na derradeira xuntanza destes órganos no presente curso escolar.

No inicio do vindeiro curso, o plan dixital publicarase na páxina web do centro para deixalo a disposición de toda a comunidade educativa. As familias do alumnado serán informadas a través da aplicación AbalarMóbil.